

GRUPO			TIPO		SUBTIPO		
Dinámica	Nome	Descrición	Nome	Descrición	Exemplos		
Paisaxes nos que dominan os elementos e procesos de orixe <b>natural</b>	LITOPAISAXES	Dominancia do rochedo. Determinante a evolución xeomorfolóxica.	Calcárea	Modeladas sobre afloramentos calizos			
			Granítica	Modeladas sobre afloramentos graníticos. A composición mineralóxica da rocha e o seu grao de fragmentación favorece a existencia de paisaxes singulares diferenciados.			
			Sedimentaria	Paisaxes construídas sobre sedimentos de diferentes tipos: fluviais, eólicos, etc-	Morrenas		
	Dunas						
	HIDROPAISAXES	Paisaxes nas que domina unha lámina de auga froito dunha dinámica natural –lagóa, ferverza,- ou antrópica -encoros-	Corrente	Correntes de auga	Rios		
			Laminar ou estancado	Masa de auga estancada	Lagóas		
					Encoros		
	BIOPAISAXES	Paisaxe na que é dominante unha ou varias formacións vexetais de orixe natural	Naturais	Paisaxes con dominancia de especies autóctonas en diferente grao de presenza, segundo o manexo ao que estean sometidas	Fervenzas		
							Turberas
							Carballeiras
	Devesas						
	Aciñeirais						
Grupos con dominancia de dinámica <b>antrópica</b> Paisaxes nos que os que dominan elementos e procesos de	AGROPAISAXES	Son aquelas nas que dominan as actividades agrarias, gandeiras ou forestais. Este feito xunto coa gran diversidade de asentamentos (nuclear, polinuclear, etc.), favorece a existencia dunha gran variedade de subtipos	Derivados de aproveitamentos forestais	Paisaxes con dominio de especies arbóreas plantadas ao longo do tempo.	Soutos		
					Ladeira retocada	Construída sobre unha ladeira na que os muros, as canles de auga para a rega, as vivendas e camiños, apenas retocaron o perfil topográfico	Piñeirais
							Eucaliptais
			Ladeiras transformada	A ladeira foi transformada. En xeral trátase de amplos bancales nos que se fixeron nivelacións do terreo para	Policultivo		
					Gandeiro		
					Vinícola		

orixe antrópico.				lograr unha maior planitude nas parcelas. Noutros lugares, especialmente nos vales fluviais do Sueste de Galicia as ladeiras foron totalmente transformadas mediante terrazas (socalcos).	
			Terraza fluvial	Paisaxes desenvolvidas sobre terrazas fluviais, amplos chanzos aplanados, antigos niveis polos que discorría o río. Noutros lugares o que domina son pequenos replanos. En calquera caso o escalonamiento á beira do río xera paisaxes ben diferenciadas da súa contorna.	Vinícola
					Gandeiro
					Policultivo
			Fondo de val	Trátase de paisaxes construídas en fondos de val nos que a dinámica fluvial ou glaciación non deu lugar a chanzos.	Policultivo
					Gandeiro
			Interfluvio estreito (crista)	Paisaxes construídas sobre un interfluvio estreito con escaseza de terreo cultivable. Este feito provocou a necesidade de construír as vivendas na crista alongada e os cultivos no fondo do val ou nas ladeiras.	
			Interfluvio ancho (lombo)	Paisaxe desenvolvida sobre un amplo interfluvio aplanado, existente entre dous vales polo xeral encaixados. A diferenza do anterior, os lombos son máis anchos polo que a dispoñibilidade de terreo para o cultivo e para emprazar o asentamento favoreceu a xénese dun deseño da paisaxe alongada coa aldea rodeada de campos de labor mentres	Policultivo

				que os prados situáronse nas ladeiras de ligazón co fondo do val.	
			Bocarribeira	Nome popular galego que describe o sector do terreo que se atopa entre o val e a planicie que o bordea. Este feito favoreceu a xénese dunha paisaxe no que a aldea se empraza na parte superior da ladeira estendéndose ata o río os viñedos, mentres os cereais cultivábanse na planicie circundante.	
			Chaira	Paisaxes desenvolvidas sobre zonas aplanadas con escasa pendente que ocupan amplos sectores da Galicia occidental e central. Dentro delas diferéncianse fosas tectónicas e superficies de aplanamiento. Os contrastes topográficos, a presenza de áreas con diferente pendente e, consecuentemente, humidade, chans distintos e altitudes contrastadas desde a beira do mar ata superar os 1000m, favoreceu a existencia de numerosas variantes.	Cerealista
					Policultivo
					Gandeiro
			Borde de chaira ou fosa	Trátase de zonas de contacto entre niveis aplanados a diferente altitude motivados por: a.O paso dun sector empinado con chans menos profundos a outro de chans máis profundos e fértiles. b.O paso dunha zona máis seca a outra de maior hidromorfía.	Policultivo
					Gandeiro
					Policultivo

			Valgadas	Amplas vaguadas, a modo de fondo de berce, que se encadean rítmicamente e alórganse, polo xeral, de norte a sur, bordeadas por unidades topográficas máis elevadas. Trátase de formas totalmente controladas pola existencia do bandeado litolóxico existente, especialmente, na Galicia oriental. Aparecen alí onde existe unha sucesión rítmica de rocas con diferente resistencia á erosión o que motiva que as máis resistentes queden en resalte mentres que as de menor váianse erosionando progresivamente, e queden a menor altitude aparecendo así unha sucesión de cristas cubertas por vexetación e vaguadas intensamente ocupadas pola poboación.	
			Outeiro	Paisaxes construídas sobre unha forma convexa que sobresaen no territorio. Derivada de procesos de incisión fluvial.. Os outeiros marcan o deseño da paisaxe cando sobre eles emprázase o asentamento da poboación mentres que os cultivos sitúanse nas ladeiras de ligazón coa unida inferior, polo xeral planicies, ou sobre esta mesma.	Gandeiro
					Policultivo
					Vinícola

	PAISAXES URBANIZADAS	Paisaxes que xorden onde as modificacións sobre o territorio son de tal magnitude que se transforman os seus trazos esenciais, caso da topografía ou mesmo a rede de drenaxe e, por outra banda, son maioritarias as construcións dedicadas a vivenda, comercio, industria ou os equipamentos e, en todo caso, necesitan do desenvolvemento de infraestruturas e instalacións para a necesaria achega de materia e enerxía, así como de extracción de residuos, necesarios para o metabolismo do sistema urbano.	Paisaxe agrourbana	Paisaxes da contorna da cidade no que dominan os trazos urbanos aínda que perviven elementos agrarios, como campos de labor, casas rurais, cando non cuadras para os animais ou alpendres	
			Paisaxe urbana	Paisaxe totalmente transformada pola cidade. Dominio dos elementos construtivos urbanos, o que motiva a desaparición do agrario	
			Paisaxe industrial e da enerxía	Paisaxes no que dominan as construcións industriais: torres, chemineas, etc. e paisaxes que xurdiron na contorna da produción e subministración de enerxía, como as centrais térmicas, nucleares, os parques eólicos, as redes hidroeléctricas etc.	
			Paisaxe de mobilidade	Autoestradas, portos, aeroportos, intercambiadores centros loxísticos con liñas de ferrocarril, etc.	
			Paisaxe comercial	Paisaxes dominadas polas actividades comerciais e de servizos	
			Paisaxe de lecer e deportiva	Paisaxes caracterizadas polas actividades asociadas ao lecer e o deporte: campos de golf, parques acuáticos, cidades deportivas, etc.	
			Paisaxe produtivas intensivas	Paisaxes que xurdiron nos últimos decenios en relación á posta en marcha de novas actividades produtivas intensivas primarias. Como	

				<p>é o caso das grandes granxas de gando para a alimentación, grandes superficies de monocultivos intensivos ou baixo plásticos, as piscifactorías, polígonos de bateas para o cultivo do mexillón, etc.</p>	
			Paisaxes extractivas	<p>Paisaxe no que as actividades extractivas motivaron a total modificación do terreo aparecendo tanto grandes ocos como sectores de acumulación de cascallos</p>	
<p><b>Dominancia Mixta</b> Correspóndense con aquelas paisaxes cuxos procesos e dinámicas dominantes foron abandonados ou desactivados, quedando pegadas claras e legibles de dicha dinámicas previas.</p>	<b>PALEOPAISAXES</b>	<p>O abandono favorece a colonización vexetal e o renacer das dinámicas naturais</p>	Paleopaisaxes	<p>Paisaxes que reflicten antigas actividades. É o caso das explotacións romanas abandonadas.</p>	

Fonte: Pérez Albert et al. (2014): Metodología y clasificación de tipos de paisaje en Galicia. Revista de Geografía e Ordenamento do Territorio

(GOT), n.º 6 (dezembro). Centro de Estudos de Geografia e Ordenamento do Território, p. 259-282